

# CARDOÑA

fotos a 7 pesetas

Unha curtametraxe documental de  
CARLOS LORENZO



Se sabes esperar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma sairá á luz.

Steve McCurry  
fotógrafo



presenta un novo documental que ten como protagonista ao fotógrafo popular José Gestal García (1918-2003), coñecido como “Cardoña”, e no que repasa o seu xeito de traballar coa cámara, o papel que xogou na sociedade do seu tempo e o valor que hoxe en día ten a súa obra.

Cardoña foi un dos moitos fotógrafos espallados por Galicia que traballaban dun xeito ambulante como un medio de vida que lle permitía obter ingresos para subsistir. Cardoña era un obreiro da foto. O seu traballo humilde converteuse sen el sabelo nun legado documental que hoxe serve para afondar no coñecemento da Galicia rural de boa parte do século XX.

FOTO  
GESTA  
CARRAL - TABEAYO  
(CORUÑA)



# Que nos conta o documental?



*Cardoña fotos a 7 pesetas* trata temas como:

- + Os fotógrafos populares de Galicia
- + A chegada da fotografía a Galicia
- + Os inicios de José Gestal na fotografía
- + Como levou a cabo o seu oficio sen parte dunha man e sen a visión dun ollo
- + O papel da súa dona María no laboratorio fotográfico
- + A fotografía dos defuntos
- + As campañas para facer o DNI polas aldeas
- + Os arquivos fotográficos
- + Como José Gestal perdeu todo o seu arquivo
- + O recoñecemento público a Cardoña

# Ficha técnica

Título: **Cardoña fotos a 7 pesetas**

Formato: **Documental**

Data de produción: **2023 (estrea 23 de marzo de 2023)**

Duración: **30 mints.**

Producción: **Carlos Lorenzo**

Guión: **Carlos Lorenzo**

Dirección: **Carlos Lorenzo**

Música orixinal: **Moisés Quintas**

Ilustracións: **María Lires**

Poema: **Emma Pedreira**

Voz en off: **María Barcala**

Edición e grafismos: **Manuel Macou**

Imaxe e realización: **Xosé A. Bocixa**

Son: **Alfonso Camarero e Xosé A. Bocixa**

Postproducción de audio: **Alfonso Camarero (Estudio Gourmetsound)**

Postproducción de imaxe e etalonaxe: **Enrique Moro**

Axudante de produción: **Andrés Lage**

Edición e retoque fotográfico: **Carlos Lorenzo**

Formato de rodaxe: **Full HD 1920×1080**

Aspect ratio: **16:9**

Audio: **estéreo 2.0**

Versión orixinal: **galego**


Versións subtituladas: **castelán, inglés e galego** (versión para persoas xordas)

Calificación: **apta para todos os públicos**

Expediente ICAA: **44323**

Páxina web: **<https://fotosa7pesetas.gal>**

Matilde Gestal  
filla de Cardoña





Xoán Piñón  
fotógrafo



Carlos Castelao  
fotohistoriador

## Interveñen:

Xurxo Lobato  
fotógrafo



Manuel Sendón  
fotógrafo e investigador

*Cardoña fotos a 7 pesetas* é o segundo documental de Carlos Lorenzo, despois de que no 2018 presentara *Vértice de versos*. A súa principal actividade profesional é a xestión cultural na administración pública sendo actualmente o presidente da Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural. No artístico ten unha traxectoria como fotógrafo con diversos libros publicados e varias exposicións individuais e colectivas por Galicia.

No eido audiovisual estudou Produción na Escola de Imaxe e Son da Coruña. Conta con experiencia como guionista, en diversas funcións de produción ou como coordinador de dobraxe.

Neste proxecto xunta as súas múltiples facetas profesionais, creando un documental no que a fotografía é o eixo central, facéndose posible grazas á súa labor creando o arquivo fotográfico de Carral, no que as imaxes tomadas por Cardoña entre os anos 40 e 70 do s. XX son as que alimentan principalmente este repositorio.

A súa web é <https://carloslorenzo.gal>

## Carlos Lorenzo o director





# Equipo creativo




## MOISÉS QUINTAS

Moisés é mestre de música. Estudou guitarra e frauta traveseira nos conservatorios de Ourense, Cádiz e Vigo. Ten publicado traballos discográficos tanto en solitario *Terra e Alma* (Canela 2018), como con distintas agrupacións, desenvolvendo tarefas de composición, arranxos e produción musical. Tamén colabora coa súa música en obras de teatro como *Arnoia* de X. L. M. Ferrín, dirixido por Quico Cadaval (2018) e en distintos documentais como *De Carballo a Carvalho* (2020), *Xosé Vizoso e Sargadelos* (2021), *Ferrín Arraiano* (2022) da editora Arraianos Producións.

## MÚSICA

## MARÍA LIRES

María é una recoñecida artista galega no ámbito editorial con máis de 50 obras con ilustracións da súa autoría. Ademais de docente en diferentes eidos das artes visuais, María acumula tamén desde o 2001 infinidade de obras para publicidade e cartelería, así como múltiples sesións con obradoiros e espectáculos interdisciplinaís en bibliotecas, teatros e escolas. Con Carlos Lorenzo é a segunda ocasión na que colabora, despois de realizar as ilustracións do documental *Vértice de versos*.



## ILUSTRACIÓNS



## EMMA PEDREIRA

Emma é filóloga, escritora, artista plástica. A súa escrita nace ante a imposibilidade de ser fotógrafa nunha familia de fotógrafos. Daí que publique poemarios, novelas, ensaios e pequenos libros de artista, buscando o (auto)retrato definitivo e a súa paisaxe emocional. De entre os seus máis de vinte libros, podería vir ao caso *O Fotógrafo*, un proxecto poético-visual de homenaxe ao seu avó, o fotógrafo Lombardía, inédito como libro e colgante como exposición, des-velado como un álbum vello.

## POESÍA

# CARDOÑA

fotos a 7 peetas



# Para que ver o documental?

- + Para coñecer como era o traballo dos fotógrafos populares
- + Para que as vellas xeracións lembren como era o acto fotográfico
- + Para que as novas xeracións coñezan o valor das vellas fotos gardadas polas súas familias
- + Para saber que as mulleres tamén xogaban un papel importante no negocio fotográfico
- + Para recoñecer o valor dos arquivos fotográficos
- + Para animar á recuperación das antigas fotos familiares
- + Para lembrar as nosas tradicións
- + Para gozar da fotografía



# Participación e galardóns en seccións oficiais de Festivais

Actualizado o 23/01/2025

1. 45 Semana de Cine de Lugo (Galicia, España) – 2023 – Sección Homenaxes
2. 12th Kolkata Short International Film Festival - (India) – 2023 – Sección Oficial – **MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO**
3. Fescilmar Film Festival (Venezuela) – 2023 – Sección Oficial
4. OUFF 28 (Galicia, España) – 2023 - Sección de Sesións Especiais
5. BARCIFF Barcelona Indie Filmmakers Fest (España) – 2023 – Sección Oficial
6. ARFF Amsterdam Around International Film Awards (Países Baixos) – 2023 – Sección Oficial
7. GIFFI Global Independent Film Festival of India (India) – 2023 – Sección Oficial
8. All That Moves International Film Festival (Brasil) – 2023 – Sección Oficial – **PREMIO AO MELLOR DIRECTOR DE CURTAS DOCUMENTAIS**
9. Arjuntala International Film Festival (India) – 2023 – Sección Oficial – **PREMIO AO MELLOR DOCUMENTAL INTERNACIONAL**
10. Colortape International Film Festival (Australia) – 2023 – Sección Oficial – **PREMIO HONORÍFICO AO MELLOR DOCUMENTAL DE ARTE E HISTORIA**
11. LISBIFF Lisboa Indie Film Festival (Portugal) – 2023 – Sección Oficial
12. MADRIFF Madrid Indie Film Festival (España) – 2023 – Sección Oficial
13. 12th Mumbai Shorts International Film Festival (India) – 2023 – Sección Oficial
14. Ural Shorts (Rusia) – 2023 – Sección Oficial
15. Hacer una Escuela de Cine Comunitario (Arxentina) – 2023 – Sección Oficial
16. Arraial Cine Fest (Brasil) – 2024 – Sección Oficial - **PREMIO AO MELLOR FILME INTERNACIONAL E PREMIO Á MELLOR CURTA DOCUMENTAL**
18. Oniros Film Awards (Estados Unidos) – 2024 – Sección Oficial
19. Indian World Film Festival (India) – 2024 – Sección Oficial - **MENCIÓN ESPECIAL DO XURADO**
20. The Film Tuition International Festival (Pakistán) – 2024 – Sección Oficial
21. Red Movie Awards (Francia) – 2024 – Sección Oficial
22. Fotofilm 5th International Short Film Festival (Turquía) – 2024 – Sección Oficial
23. The Mosaic International Film Festival (Canadá) – 2024 – Sección Oficial
24. Everybody is Somebody Albuquerque Film Festival (Estados Unidos) – 2024 – Sección Oficial
25. Ahmedabad International Film Festival (India) – 2024 – Sección Oficial
26. Oyola Fabián Festival Internacional de Cine Documental (España) – 2024 – Sección Oficial
27. Miradas del Mundo Festival Internacional de Cine (Arxentina) – 2024 – Sección Oficial
28. Milton Keynes International Film Festival (Reino Unido) – 2024 – Sección Oficial – **PREMIO Á MELLOR EDICIÓN AO DOCUMENTAL DE LINGUA NON INGLESA**

# CARDOÑA

fotos a 7 pesetas

<https://fotosa7pesetas.gal>

[carlosglorenzo@carlosglorenzo.gal](mailto:carlosglorenzo@carlosglorenzo.gal)

Tel. 609 328 657

